

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Publicación da resolución número 415/2020, relativa ao asunto modificación composición Xunta de Goberno Local

ANUNCIO.- Publicación da Resolución número 415/2020, relativa ao asunto MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Secretaría Xeral

EXPEDIENTE.- 2020/G003/000335

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORPORACIÓN 2019-2023. COMPOSICIÓN E ATRIBUCIÓNS.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretaria Xeral, dictou a seguinte:

RESOLUCIÓN

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o establecido nos artigos 19, 20, 21 e 22 do Regulamento Orgánico Municipal de Arteixo, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo Alcalde-Presidente e un número de concelleiros e concelleiras non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación.

Os concelleiros e concelleiras que a conforman serán nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ao Pleno da Corporación, correspondéndolle como competencia propia a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións así como as atribucións que o Alcalde ou outro órgano lle delegue ou lle atribúan as leis, de acordo co establecido na lexislación aplicable.

Atendendo aos cambios na composición no grupo municipal Partido Popular, grupo de goberno, é necesario modificar e deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía nº 1604/2019 de 1 de xullo, que referían a composición e atribucións da Xunta de Goberno, modificado a súa vez por Decreto da alcaldía nº 2873/20109 de 25 de novembro de 2019.

Visto canto antecede, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Modificar a composición da Xunta de goberno local do concello de Arteixo para o mandato 2019-2023, como órgano colexiado municipal de carácter resolutivo, presidida por esta Alcaldía, que quedará integrada polos concelleiros/as seguintes, (7) número non superior ao tercio do número legal dos que integran a Corporación, constituída por Decreto da Alcaldía nº 1.604/2019 de 1 de xullo, no sentido seguinte:

Presidente: D. Carlos Calvelo Martínez

Vogais:

- 1º Tenente de Alcalde: Don José María Sánchez Novo
- 2º Tenente de Alcalde: Dona Inés Ramos Álvarez
- 3º Tenente de Alcalde: Don Luis Alberto Castro Calvete
- 4º Tenente de Alcalde: Dona Josefa Zas Suárez
- 5º Tenente de Alcalde: Don Víctor Merelas García

6º Tenente de Alcalde: Dona Patricia Amado Varela

7º Tenente de Alcalde: Don José Antonio Calvelo Añón

O cargo se considerará aceptado tácitamente, salvo manifestación expresa dos concelleiros e concelleiras nomeados.

SEGUNDO.- Atendendo ao establecido no artigo 211 da Ley 5/1997, de 22 de julio, reguladora de la Administración Local de Galicia a Xunta de Goberno Local para exercer as súas competencias resolutorias, terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e as sesións extraordinarias cando o presidente o decida. Para o exercizo das súas funcións de asistencia, reunirse cando o Alcalde-Presidente da corporación o determine.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións, deixando sen efecto calquera redacción anterior:

A Xunta de goberno local terá asignadas as seguintes atribucións:

- a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son as seguintes:
 - Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
 - A aprobación dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
 - A resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.
 - A adxudicación de concesions sobre os bens da Entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
 - A incoación e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal que sexan competencia de alcaldía.
 - A suscripción de convenios de colaboración con outras administracións públicas ou outras entidades do sector público, cunha vixencia inferior a 4 anos e cun límite de gasto total para a administración que non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal ou vixencia indefinida que non supoña gasto para a administración, salvo os supostos incluídos no artigo 47.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.
 - A convocatoria para o outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo o outorgamento das mesmas, estean ou non previstas no orzamento municipal, así como a súa xustificación. A excepción da delegación, efectuada pola Alcaldía, na Concelleira de igualdade, servizos sociais, sanidade e educación en canto á aprobación da concesión e xustificación das axudas de emerxencia social e para a inserción social e axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada e a delegada no Concelleiro de promoción económica no que respecta ás axudas no desplazamento por asistencia a cursos de formación. Ambas en aras de dar axilidade á tramitación das mesmas.
 - A aprobación dos convenios de colaboración en materia de subvencións nominativas con entidades e asociacións así como a xustificación dos mesmos.
 - A aprobación das bases dos premios concedidos pola entidade, a convocatoria dos mesmos así como a súa xustificación.
 - A resolución dos acordos en materia de administración electrónica que leven consigo a implantación de procesos, programas ou sistemas informáticos que interrelacionen con varias concellerías e departamentos municipais ou que teñan efectividade transversal para a entidade local, sen perxuízo das competencias asumidas por cada un dos órganos de contratación da entidade.
 - Seguimiento, dando conta á Xunta de Goberno Local, dos procedementos xudiciais nos que se atope incurso a administración local, así como o seguimento da execución de sentenzas xudiciais, dando asistencia permanente á Alcaldía, sen perxuízo da competencia para o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa de la corporación atribuída tanto o alcalde como o Pleno da Corporación, por razón da súa materia, tendo en conta a delegación das competencias plenarias ao respecto na Xunta de Goberno Local.

Sen prexuízo do anterior, a Alcaldía resérvase a avogación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, a Alcaldía a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados en exercicio de facultades delegadas.

CUARTO.- Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ás persoas interesadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura da mesma, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

QUINTO.- Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido da presente.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

En Arteixo, 20 de febreiro de 2020.

Asina dixitalmente.- Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

2020/1577

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Constitución da Xunta de Goberno Local

EXPEDIENTE.- 2019/G003/001983

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretaria Xeral, dictou a seguinte:

RESOLUCIÓN

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o establecido nos artigos 19, 20, 21 e 22 do Regulamento Orgánico Municipal de Arteixo, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo Alcalde-Presidente e un número de concelleiros e concelleiras non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación.

Os concelleiros e concelleiras que a conforman serán nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ao Pleno da Corporación, correspondéndolle como competencia propia a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións así como as atribucións que o Alcalde ou outro órgano lle delegue ou lle atribúan as leis, de acordo co establecido na lexislación aplicable.

Visto canto antecede, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Constituir a Xunta de goberno local do concello de Arteixo para o mandato 2019-2013, como órgano colexiado municipal de carácter resolutivo, presidida por esta Alcaldía, que quedará integrada polos concelleiros/as seguintes, (7) número non superior ao tercio do número legal dos que integran a Corporación:

Presidente: D. Carlos Calvelo Martínez

Vogais:

1º Tenente de Alcalde: Don José María Sánchez Novo

2º Tenente de Alcalde: Dona Inés Ramos Álvarez

3º Tenente de Alcalde: Don Luis Alberto Castro Calvete

4º Tenente de Alcalde: Dona Josefa Zas Suárez

5º Tenente de Alcalde: Don Jose Baldomero Vázquez Pereiro

6º Tenente de Alcalde: Don Víctor Merelas García

7º Tenente de Alcalde: Dona Patricia Amado Varela

O cargo se considerará aceptado tácitamente, salvo manifestación expresa dos concelleiros e concelleiras nomeados.

SEGUNDO.- Atendendo ao establecido no artigo 211 da Ley 5/1997, de 22 de julio, reguladora de la Administración Local de Galicia a Xunta de Goberno Local para exercer as súas competencias resolutorias, terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e as sesións extraordinarias cando o presidente o decida. Para o exercizo das súas funcións de asistencia, reunirse cando o Alcalde-Presidente da corporación o determine.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son as seguintes:

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- A aprobación dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.
- A adxudicación de concesions sobre os bens da Entidade local e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A incoación e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal que sexan competencia de alcaldía.
- A suscripción de convenios de colaboración con outras administracións públicas ou outras entidades do sector público, cunha vixencia inferior a 4 anos e cun límite de gasto total para a administración que non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal ou vixencia indefinida que non supoña gasto para a administración, salvo os supostos incluídos no artigo 47.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.
- A convocatoria para o outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo o outorgamento das mesmas, así como a súa xustificación.
- A aprobación dos convenios de colaboración en materia de subvencións nominativas con entidades e asociacións así como a xustificación dos mesmos.
- A aprobación das bases dos premios concedidos pola entidade, a convocatoria dos mesmos así como a súa xustificación.
- A resolución dos acordos en materia de administración electrónica que leven consigo a implantación de procesos, programas ou sistemas informáticos que interrelacionen con varias concellerías e departamentos municipais ou que teñan efectividade transversal para a entidade local, sen perxuízo das competencias asumidas por cada un dos órganos de contratación da entidade.
- Seguimento, dando conta á Xunta de Goberno Local, dos procedementos xudiciais nos que se atope incurso a administración local, así como o seguimento da execución de sentenzas xudiciais, dando asistencia permanente á Alcaldía, sen perxuízo da competencia para o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa de la corporación atribuída tanto o alcalde como o Pleno da Corporación, por razón da súa materia, tendo en conta a delegación das competencias plenarias ao respecto na Xunta de Goberno Local.

Sen prexuízo do anterior, a Alcaldía resérvase a avogación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, a Alcaldía a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados en exercicio de facultades delegadas.

TERCEIRO.- Consonte co disposto no artigo 21 do Regulamento orgánico municipal do concello de Arteixo, a Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do Sr. Alcalde dentro dos quince días seguintes á data de nomeamento dos seus membros.

CUARTO.- Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ás persoas interesadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura da mesma, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

QUINTO.- Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido da presente resolución.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

Arteixo, 1 de xullo de 2019

2019/5414

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Modificación punto 3º do Decreto 1604/2019 de 01 de xullo, de atribucións asignadas á Xunta de Goberno Local

EXPEDIENTE.- 2019/G003/003321

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

Asunto: MODIFICACIÓN PUNTO 3º DO DECRETO 1604/2019 DE 01 DE XULLO DE 2019.

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Sr. Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretaria Xeral, dictou a seguinte:

RESOLUCIÓN

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019.

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como o establecido nos artigos 19, 20, 21 e 22 do Regulamento Orgánico Municipal de Arteixo, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo Alcalde-Presidente e un número de concelleiros e concelleiras non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación.

Os concelleiros e concelleiras que a conforman serán nomeados e separados libremente pola Alcaldía, dando conta ao Pleno da Corporación, correspondéndolle como competencia propia a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións así como as atribucións que o Alcalde ou outro órgano lle delegue ou lle atribúan as leis, de acordo co establecido na lexislación aplicable.

Por medio de Decreto desta Alcaldía de data 01/07/2019 co número de asento no libro de Decretos 1604/2019, se levou a cabo entre outros a asignación de atribucións á Xunta de goberno local, que tendo en conta a modificación do decreto de delegacións nos concelleiros delegados aprobada por medio do ditado do Decreto da Alcaldía número 2842/2019 de data 23/11/2019, require a modificación das atribucións da Xunta de Goberno local previamente acordadas.

Visto canto antecede, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Modificar o punto terceiro do Decreto 1.604/2019 de 1 de xullo en canto ás atribucións asignadas á Xunta de Goberno Local, que quedará redactado como segue, deixando sen efecto a redacción anterior:

A Xunta de goberno local terá asignadas as seguintes atribucións:

- a) A asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- b) As atribucións que a Alcaldía lle delega, que son as seguintes:
 - Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
 - A aprobación dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
 - A resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.
 - A adxudicación de concesions sobre os bens da Entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

- A incoación e resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal que sexan competencia de alcaldía.

- A suscripción de convenios de colaboración con outras administracións públicas ou outras entidades do sector público, cunha vixencia inferior a 4 anos e cun límite de gasto total para a administración que non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento municipal ou vixencia indefinida que non supoña gasto para a administración, salvo os supostos incluídos no artigo 47.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

- A convocatoria para o outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo o outorgamento das mesmas, estean ou non previstas no orzamento municipal, así como a súa xustificación. A excepción da delegación efectuada na Concelleira delegada en materia de igualdade, servizos sociais, sanidade e educación por medio de Decreto da Alcaldía nº 2842/2019 de data 23/11/2019, en canto á aprobación da concesión e xustificación das axudas de emerxencia social e para a inserción social e axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada.

- A aprobación dos convenios de colaboración en materia de subvencións nominativas con entidades e asociacións así como a xustificación dos mesmos.

- A aprobación das bases dos premios concedidos pola entidade, a convocatoria dos mesmos así como a súa xustificación.

- A resolución dos acordos en materia de administración electrónica que leven consigo a implantación de procesos, programas ou sistemas informáticos que interrelacionen con varias concellerías e departamentos municipais ou que teñan efectividade transversal para a entidade local, sen perxuízo das competencias asumidas por cada un dos órganos de contratación da entidade.

- Seguimento, dando conta á Xunta de Goberno Local, dos procedementos xudiciais nos que se atope incurso a administración local, así como o seguimento da execución de sentenzas xudiciais, dando asistencia permanente á Alcaldía, sen perxuízo da competencia para o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa de la corporación atribuída tanto o alcalde como o Pleno da Corporación, por razón da súa materia, tendo en conta a delegación das competencias plenarias ao respecto na Xunta de Goberno Local.

Sen prexuízo do anterior, a Alcaldía resérvase a avogación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola súa urxencia tiveran que resolverse con prontitude e celeridade.

Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, a Alcaldía a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados en exercicio de facultades delegadas.

SEGUNDO.- Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ás persoas interesadas e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura da mesma, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido da presente resolución.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

Arteixo, 25 de novembro de 2019.

2019/9518